



PROGRAMACIÓN

DIDÁCTICA

RELIXIÓN

CATÓLICA

CEIP. BAROUTA. CURSO 2020/21

**EDUCACIÓN
PRIMARIA e
INFANTIL**

MARTA DO PILAR VIEITES SABEL.

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1. INTRODUCCIÓN:

➤ O Centro

O centro de educación infantil e primaria (CEIP) de Barouta é un colexio de titularidade pública dependente da Xunta de Galicia que acolle alumnado das etapas de Infantil e Primaria atendendo na actualidade, a 256 alumnos e alumnas aproximadamente. Atópase no noreste do concello de Ames, nunha zona eminentemente rural. Os alumnos viven en centros de poboación pequenos e dispersos, polo que a gran maioría acude ao centro en autobús.

Os recursos económicos das familias da zona proceden, en xeral, de traballos derivados do sector servizos. O nivel económico e cultural pode catalogarse como medio, salvo nunha das zonas de influencia onde é baixo. Hai, por tanto, unha serie de connotacións que inflúen no ámbito socio-cultural familiar do alumnado, sendo, en moitos casos, as actividades educativas e culturais ás que teñen acceso moitos alumnos unicamente as que se organizan ou promoven dende o propio centro escolar.

Este centro ten soamente unha profesora de Relixión e Moral Católica, con destino definitivo, nomeada pola Administración a proposta do Ordinario da Diocese, tal como se contempla na lexislación vixente, atendendo deste xeito ás necesidades docentes deste centro na área de Relixión e Moral Católica. O seu nome é Marta do Pilar Vieites Sabel, (tamén cubre sete horas en educación infantil no CEIP AMAÍA, para completar o seu horario,) coa titulación académica para impartir a área de Relixión Católica.

➤ Matrícula de alumnos de formación relixiosa no CEIP DE BAROUTA

RELACIÓN DE AULAS	RELIXIÓN
EDUCACIÓN INFANTIL 3/4/5 ANOS GRUPO A	12
EDUCACIÓN INFANTIL 3/4/5 ANOS GRUPO B	8
EDUCACIÓN INFANTIL 3/4/5 ANOS GRUPO C	13
PRIMEIRO E SEGUNDO DE PRIMARIA GRUPO A	7
PRIMEIRO E SEGUNDO DE PRIMARIA GRUPO B	7
PRIMEIRO E SEGUNDO DE PRIMARIA GRUPO C	7
TERCEIRO DE PRIMARIA	14
CUARTO DE PRIMARIA	21
5º CURSO, GRUPO A	12
5º CURSO, GRUPO B	8
6º CURSO, GRUPO A	15
6º CURSO, GRUPO B	15

➤ Matrícula de alumnos de educación infantil en formación relixiosa no CEIP A MAÍA

RELACIÓN DE AULAS	FORMACIÓ N RELIXIOSA
5º DE EDUCACIÓN INFANTIL GRUPO C	7
4º DE EDUCACIÓN INFANTIL GRUPO A	6
6º DE EDUCACIÓN INFANTIL GRUPO B	4
4º DE EDUCACIÓN INFANTIL GRUPO C	3
6º DE EDUCACIÓN INFANTIL GRUPO C	7
6º DE EDUCACIÓN INFANTIL GRUPO A	8
4º DE EDUCACIÓN INFANTIL GRUPO B	8

➤ Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial.

Este curso 2020-2021 caracterízase por unha situación excepcional orixinada pola COVID -19. Estas circunstancias extraordinarias obrigan a facer un enfoque da programación onde teñan cabida, non só o ensino presencial, senón tamén o semipresencial e o ensino a distancia, garantindo en todo momento o acceso á educación de todo o alumnado. Por outra banda, este contexto provoca unha adaptación da metodoloxía ás medidas sanitarias recomendadas para a prevención do virus.

O marco normativo no que nos moveremos será:

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Cómpre adaptarnos a esta nova normalidade e para iso, terase en conta a seguinte normativa:

- 22- 07- 2020: Protocolo de adaptación ao contexto da Covid -19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021.
- 30-07-2020: Instrucións do 30 de xullo de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020- 202, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.
- ORDE do 28 de agosto de 2020 pola que se modifican determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID 19, unha vez superada a fase III do Plan para a

transición cara a nova normalidade, e se dispón a publicación da Orde comunicada do ministro de Sanidade, do 27 de agosto de 2020, mediante a que se aproba a declaración de actuacións coordinadas en saúde pública fronte a o COVID-19 para centros educativos durante o curso 2021.

- 31-08-2020: Instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021.
- 23- 09-2020: Protocolo de prevención da transmisión da COVID 19 no alumnado con necesidades educativas especiais para o ámbito educativo.
- 23- 09- 2020: Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020- 2021.
- Plan COVID-19 do CEIP BAROUTA.

O curso 2020-2021 está condicionado pola situación de crise sanitaria orixinada pola COVID-19. Debido a este contexto, é moi importante contemplar os distintos escenarios que poidan acontecer e establecer os mecanismos e canles de comunicación para que todo o alumnado teña acceso á educación en calquera das circunstancias que se poidan presentar.

A programación ten presente os tres escenarios educativos posibles.

Por unha banda ten en conta a actividade lectiva presencial: con un desenvolvemento similar a cursos anteriores pero non igual, de tal xeito que no desenvolver da actividade docente reforzaranse de xeito constante aprendizaxes non cursadas no anterior curso.

A actividade lectiva non presencial: o escenario menos desexable, pero para o que hai que estar preparados. Empregarase a aula virtual do centro, e faranse vídeo-conferencias co alumnado (dende E.I., ata 4º de educación primaria) e a plataforma Edixgal (en 5º e 6º). a través da aula virtual ou da plataforma Edixgal engadiranse tarefas e documentos unha vez á semana Tamén se lles facilitará as familias un correo electrónico e un tlf mv para poñerse en contacto si o precisan.

En 1º, 2º, 3º e 4º de Educación Primaria, en caso de Ensino Non Presencial ou Semipresencial (para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula) empregarase a aula virtual do centro. Nesta aula colgaranse as actividades e recursos para poder seguir coa maior normalidade posible coas aprendizaxes propostas para este curso. Os nenos e nenas de 5º e 6º curso seguen a ensinanza a través da plataforma Edixgal.

No caso de ensino non presencial, seguirase traballando cos obxectivos previstos pero adecuando as actividades: proporanse as que permitan unha supervisión máis fácil a distancia e que teñan un alto impacto na aprendizaxe (calidade fronte a cantidade); todas as actividades que se propoñan deben deseñarse para que o alumnado as enfrente coa máxima autonomía posible (faranse videotutorais, esquemas explicativos, videoconferencias, etc..) para explicarlle ao alumnado os contidos novos que se vaian incorporando nas actividades. Non se proporán tarefas por sesión/materia, senón tarefas diarias ou semanais programadas de tal modo que permitan adquirir as aprendizaxes imprescindibles para cada competencia clave. Como mestra especialista seguirei o indicado dende o centro e proporei tarefas semanais e, en coordinación co titor, poderei establecer, se o considero preciso, un día á semana para realizar videoconferencias co alumnado e resolver dúbidas ou outros aspectos.

A *comunicación* coas familias e o alumnado farase a través da aula virtual, Edixgal e/ou do correo web (nos meses pasados a comunicación fíxose a través do correo Web e, incluso, en varios casos, facilitouse o contacto a través do teléfono). Ao alumnado que non teña acceso á rede enviaránselle as tarefas a través de servizos sociais.

Esta comunicación constante é un dos *mecanismos para asegurar o seguimento* continuo do curso polo alumnado (a recepción semanal das tarefas, a contestación ás dúbidas dos alumnos e pais...) Ademais da Aula Virtual e do Edixgal (5º e 6º curso) empregárase puntualmente a aplicación Cisco Webex Meetings como canle de comunicación en caso de confinamento ou corentena para manter o contacto coas familias, resolver dúbidas, explicar algunha actividade, fornecer de contidos educativos se fose necesario, etc.

O visionado e corrección das tarefas feitas farase a través da aula virtual, Edixgal e/ou do correo web; se lle resulta imposible ao alumno facer chegar as tarefas deste xeito, sempre que sexa posible ou cando lle sexa posible, pode acercalos ao colexio). Esta forma de entrega entendémola como outro modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.

Empregaranse os seguintes *procedementos de avaliación*:

- Observación sistemática da resposta do alumnado e interacción entre profesorado e alumnado.
- Análise de tarefas (traballos realizados en plataformas dixitais, documentos en pdf, fotografías, escaneados, audios, vídeos, ...)
- Valoracións dos traballos.
- Recopilación dos materiais e tarefas realizadas polo alumnado.

A presenza do ensino relixioso na escola responde, en primeiro lugar, á importancia que esta materia ten dentro da educación para que o alumno poida conseguir un desenvolvemento pleno e integral da súa personalidade. A necesidade de sentido do ser humano é unha evidencia á que a escola necesariamente debe dar resposta. A educación da dimensión relixiosa é parte fundamental para a maduración da persoa. Non podería existir unha formación integral e, unha educación de calidade, se non se permitise o desenvolvemento de todas as dimensións inherentes ao ser humano, entre as cales se atopa a relixiosa. Esta capacidade básica da persoa adquire o seu auténtico cumprimento cando se descobre o sentido da vida. O ensino da relixión católica nos centros escolares axudará aos estudantes a ensanchar os espazos da racionalidade e adoptar unha actitude de apertura ao sentido relixioso da vida, sexa cal for a súa manifestación concreta.

A Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948 recoñece a liberdade relixiosa de persoas e pobos. Pola súa banda, a Constitución Española non só recoñece a liberdade relixiosa senón tamén garante «*o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas conviccións*» no artigo 27.3. Un dereito que tamén forma parte de tratados internacionais recoñecidos por España como o Pacto Internacional de Dereitos Económicos Sociais e Culturais no seu artigo 13.3 e a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, artigo 14.3, entre outros.

A Igrexa, como se recolle no número 2 da *Gravissimum Educationis*, realizou continuos esforzos para favorecer que a formación relixiosa se imparta no ámbito escolar, como contribución decisiva á formación integral da persoa. Por ese motivo, a Santa Sé subscribiu un Acordo Internacional co Estado Español sobre Ensino e Asuntos Sociais, asinado o 3 de xaneiro de 1979, onde se outorga a competencia para elaborar o currículo da materia de Relixión e Moral Católica á xerarquía eclesiástica (art. 6).

O ensino da relixión católica na escola responde á necesidade de respectar e ter en conta o conxunto de valores e significados nos que a persoa naceu como hipótese explicativa da realidade e que se denomina tradición.

Para iso, a relixión católica pretende contribuír á educación integral do estudante en dúas direccións. Por unha banda, responde á dimensión relixiosa de todo ser humano e, por outra, introdúceo na realidade á luz dunha hipótese ofrecida por unha historia e unha tradición. Deste xeito, promóvese o recoñecemento dun sentido da existencia dun xeito coherente co propio desenvolvemento psico-evolutivo do alumnado.

A Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, no artigo 6.1, define o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha dos ensinos. Por iso, o contido do currículo parte da experiencia humana e desenvólvese de xeito respectuoso coas etapas do desenvolvemento infantil e adolescente, colaborando, neste sentido, coas aprendizaxes instrumentais e transversais propias de cada etapa educativa.

O desenvolvemento do currículo estrutúrase en catro grandes bloques que pretenden recoller o saber antropolóxico cristián acumulado ao longo dos séculos. Eses bloques parten do sentido relixioso do home, continúan co estudo da revelación; Deus maniféstase ao home e faio nunha historia concreta, con personaxes e situacións que o alumnado debe coñecer e que contribuírán á súa comprensión do mundo. Dita revelación culmina en Xesucristo e a mensaxe evanxélica, centro do terceiro bloque do currículo e eixe vertebrador da materia. Para rematar, estúdase a Igrexa como manifestación da presenza continuada de Xesucristo na historia. Convén subliñar, xa que logo, lonxe dunha finalidade catequética ou de adoutramento, o ensino da relixión católica ilustra aos estudantes sobre a identidade do cristianismo e a vida cristiá.

A estrutura do currículo de Educación Primaria intenta poñer de manifesto a profunda unidade e harmonía da iniciativa creadora e salvadora de Deus. O primeiro bloque parte dos datos máis evidentes: a constatación da realidade das cousas e os seres vivos, de modo especial o home. Impónsenos a súa existencia como dato evidente. Nun segundo paso, si a persoa non se queda no primeiro impacto ou simple constatación da súa existencia, ten que recoñecer que as cousas, os animais e o ser humano non se dan ó ser a si mesmos. Logo outro fainos ser, chámanos á vida e manténlla. Por iso, a realidade en canto tal é signo de Deus, fala da súa existencia.

A iniciativa creadora de Deus ten unha finalidade: establecer unha relación de amizade co home. É dicir, Deus creou ao ser humano para que sexa feliz en relación con El. Os relatos bíblicos da Creación e o Paraíso exemplifican fermosamente a finalidade da creación da persoa e do mundo enteiro para o seu servizo. Da súa orixe creatural e da súa chamada a participar na amizade con Deus xorde a súa dignidade inviolable.

Non entanto, o ser humano pretende apropiarse do don de Deus prescindindo del. Nisto consiste o pecado. Este rexeitamento de Deus ten como consecuencia no ser humano a imposibilidade de ser feliz. Dado que a súa natureza está feita para o ben, a súa experiencia de mal e de límite faille botar de menos a plenitude que el non pode darse por si mesmo e busca dalgún modo restablecer a relación con Deus. Esta necesidade do ben, o desexo de Infinito que caracteriza ao ser humano exprésase nas relixións como procura do Misterio.

A esta procura humana Deus responde manifestándose na historia. Para iso, elixe un home, Abrahán, do que formará o pobo de Israel, con quen establece unha alianza no monte Sinaí. A través de feitos e palabras Deus irá dándose a coñecer aos homes dese pobo. Todo este acontecer histórico da manifestación de Deus está recollido nos libros sagrados da Biblia. Neste conxunto de libros non só se recolle as diferentes intervencións de Deus na historia, senón tamén o ensino que comunica ao seu pobo para que viva unha vida santa; unha sabedoría que influirá positivamente na vida do pobo de Israel e, co tempo, no mundo enteiro.

A historia de Israel exemplifica a traizón e rebelión dos homes ante a iniciativa amorosa de Deus e ao mesmo tempo pon en evidencia a constante fidelidade divina. A promesa dun salvador cumprírase en Cristo Xesús.

Xesús, o Fillo de Deus, faise presente na historia para levar a cabo a misión encomendada polo Pai. En Xesucristo cúmprese o desexo de felicidade que o home descobre no seu corazón.

Xesús non só desvela o misterio humano e lévao á súa plenitude, senón que manifesta o misterio de Deus, fainos coñecer que o verdadeiro Deus é comunión: Deus un e trino.

Aqueles que participan da vida de Cristo forman a Igrexa, que é a gran familia de Deus. Continuamente xerada pola acción de Xesucristo a través dos sacramentos, ponse no mundo como inicio dun mundo novo, dunha cultura nova. A Igrexa é a prolongación de Cristo no tempo e o espazo. Só nela a persoa humana atópase co Xesucristo vivo.

A vida eclesial é alimentada e servida mediante os diferentes sacramentos instituídos por Xesucristo, está rimada polos tempos litúrxicos, exprésase na oración comunitaria e a caridade, frutifica na xeración dunha civilización do amor.

Estes catro bloques que compón a materia de relixión católica inclúen conceptos, procedementos e actitudes, que permite o coñecemento de si mesmo, da realidade e dos problemas que esta suscita. Por iso, os contidos xerais da materia contribúen á consecución dos obxectivos propostos para as diferentes etapas.

Este currículo vólvese dos elementos cristiáns presentes na contorna do alumnado, as imaxes e símbolos, a linguaxe e outros recursos, para a comprensión da relixiosidade propia de cada etapa evolutiva. Desenvólvese así a **competencia en comunicación lingüística**, que se serve da linguaxe que conforma a cultura e tradición que se transmite dunha a outra xeración. Así, a linguaxe bíblica e a súa riqueza de expresión e simboloxía, a linguaxe doutrinal e a súa precisión conceptual, analítica e argumental e a linguaxe litúrxico e a súa proximidade á linguaxe dos símbolos do pobo cristián, axudarán ao desenvolvemento desta competencia nos estudantes. Sen esquecer a singularidade que esta materia aporta á dimensión de escoita da comunicación.

Así mesmo, o ensino escolar da relixión católica favorece o desenvolvemento da responsabilidade persoal e social e das demais virtudes cívicas, para o ben común da sociedade, contribuíndo así á adquisición das competencias sociais e cívicas. Esta educación da dimensión moral e social da persoa, favorecerá a maduración dunha corresponsabilidade, o exercicio da solidariedade, da liberdade, da xustiza e da caridade.

Por outra banda, a relixión católica aporta á **competencia cultural e artística** o significado e valoración crítica de tantas obras da nosa contorna, motivando o aprecio pola propia cultura e estímoo adecuada doutras tradicións culturais e relixiosas. A cultura e a historia occidental, a propia historia, non poden ser comprendidas e asumidas si prescínlese do feito relixioso presente sempre na historia cultural dos pobos. De igual modo, a expresión artística da fe sigue colaborando na actualidade ao enriquecemento do noso patrimonio cultural.

A competencia para a autonomía e iniciativa persoal desenvólvese no estudante partindo do verdadeiro coñecemento de si mesmo, das súas potencialidades, da súa dignidade e do seu sentido. A formación relixiosa católica aporta a devandita competencia unha cosmovisión que dá sentido á vida e, á cultura e á identidade da persoa humana. Unha cosmovisión que fai posible a formación integral do estudante fronte a visións parciais.

En canto aos contidos procedimentais, a materia de Relixión católica forma de xeito transversal nunha serie de procedementos fundamentais para a comprensión do feito cristián. Estes contidos procedimentais adquirense ao longo do desenvolvemento curricular, colaborando así na consecución das competencias asignadas aos currículos de Educación Primaria. Concretamente os contidos procedimentais de relixión católica desenvolverán especialmente as seguintes competencias: Comunicación lingüística, Aprender a aprender, Competencias sociais e cívicas e Conciencia e expresións culturais.

Os contidos procedimentais básicos da materia de relixión católica son os seguintes:

- *Observación da realidade.* O feito relixioso nace da apertura do ser humano á realidade total. A materia de relixión católica pretende colaborar na formación da dimensión natural que nace do asombro ante o real e empúxanos a preguntas últimas sobre o sentido. Observar é máis que ver e require dun adestramento en disposicións específicas que non eviten as dimensións espirituais do real.
- *Procura de información, manexo e interpretación de fontes bíblicas.* O estudo do cristianismo require o manexo das Sagradas Escrituras e textos referidos ás mesmas que forman parte do corpus teolóxico acumulado ao longo da historia.
- *Reflexión Crítica.* O desenvolvemento da materia axuda a coñecer a xénese das ideas dominantes, a detectar prexuízos fronte á verdade, a examinar con profundidade as propias ideas e sentimentos fundamentais.
- *Exposición e argumentación respectuosa das crenzas relixiosas propias e alleas.* A materia de relixión católica contribúe á formación de competencias que permitan expoñer e defender a racionalidade das propias crenzas relixiosas e o respecto polas alleas.

Para rematar, hai que destacar que a materia contribúe á consecución de contidos de carácter actitudinal que son coherentes cos obxectivos básicos de cada etapa. Permite coñecer e apreciar os valores e normas básicas de convivencia; desenvolver hábitos de traballo e esforzo e de responsabilidade no estudo; a confianza en si mesmo para un desenvolvemento adecuado da personalidade. Tamén favorece de xeito directo a adquisición de habilidades para a prevención e resolución pacífica de todo tipo de conflitos e o coñecemento, comprensión e respecto das diferentes culturas, así como das diferenzas entre persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación.

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia contribúe á valoración ética do uso da ciencia e da tecnoloxía. Á súa vez, apoia e dá sentido ás habilidades e ás destrezas relacionadas coa ecoloxía que se adquiren desde a devandita competencia.

Esta área posibilitáanos iluminar as respostas e as solucións aos problemas que xorden na interacción do ser humano con todo o relacionado co ámbito da ciencia e a tecnoloxía.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.
- Respetar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Comunicación lingüística

Para un bo desenvolvemento desta competencia nesta área, a utilización dos diversos modos de comunicación será fundamental xa que o diálogo da fe coa cultura esixe adestrarse na escoita da Palabra de Deus, a exposición de cada un dos contidos coas súas argumentacións adecuadas ás diferentes idades do alumnado. Por iso, será decisivo dotar os alumnos de ferramentas co fin de que cheguen a dominar a competencia comunicativa en todas as súas facetas.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Gozar coa lectura.
- Expresar oralmente de xeito ordenado e clara calquera tipo de información.
- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor,...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros en diversas situacións comunicativas.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

Competencia dixital

Nesta área posibilitarásenos manexar ferramentas desde un sentido ético e de responsabilidade para poder acceder ás distintas fontes que nos faciliten coñecer e afondar nesta materia. Será fundamental traballar desde fontes fiables que favorezan a claridade de contidos para crear no alumnado unha base sólida e cheguen a xerar os seus propios criterios sobre diferentes contextos nos que se poidan desenvolver.

Na área de Relixión Católica adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais

Esta competencia relaciónase cos seus aspectos de coñecemento e valoración de toda a expresión artística, simbólica, histórica, de costumes, ritos, festas, valores, modos de vida... O alumnado verase enriquecido cos valores que leva consigo o feito relixioso en toda a súa expresión artística, cultural e estética, teolóxica e vivencial. Con iso contribúe á conservación e á valoración do patrimonio cultural.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural no ámbito mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

Esta competencia recolle todas as formas de comportamento que preparan as persoas para participar dunha forma eficaz e construtiva na vida social e profesional; por iso, dotaremos o alumnado de ferramentas que favorezan e fomenten os valores de respecto, cooperación, solidariedade, xustiza, non violencia, compromiso e participación como piares para a súa formación. Estes valores para fomentar teñen a súa fundamentación e referencias cristiás na filiación no amor a Deus.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.

- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

É fundamental que o alumnado descubra a súa identidade persoal a través dunha apertura ao significado último e global da súa existencia humana. A súa iniciativa persoal dependerá sempre que adestre nun autocoñecemento, en explorar as súas potencialidades, en buscar o sentido a cada unha das cousas que acontecen na súa vida.

O espírito emprendedor do alumno formarase a partir da disposición e actitude que poida dispoñer. Será dotado de destrezas e habilidades para que a transformación social do mundo no que vivimos sexa unha realidade grazas ao espírito de emprendemento do alumno.

Neste caso, os descritores que cumpriría adestrar serían:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e a confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Atopar posibilidades no contorno que outros non ven.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender nesta área pode axudar ao alumnado a ser protagonista do seu propio proceso de ensinanza-aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore de modo activo e libremente segundo o plan establecido por El.

Nesta área será decisivo o impulso do traballo en equipo polo seu intrínseco sentido comunitario propoñendo un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo as súas conviccións, que ha de ser lúcido na busca da verdade e do ben.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.

- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

Competencias específicas na área de Relixión e Moral Católica

O ensino relixioso católico estrutúrase a partir de catro dimensións que fundamentan as competencias específicas do ensino relixioso católico.

- Dimensión cultural e histórica. Está presente no ensino relixioso, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico-axiolóxico que gran parte das sociedades recibe do pasado está vertebrado por contidos relixiosos.
- Dimensión ético-moral. Esta dimensión fai posible a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade e da caridade. Todo iso fundamentado na Palabra e nos feitos de Xesucristo.
- Dimensión humanizadora. Faculta o alumno para dar resposta ás súas interrogantes máis radicais, facendo á súa vez posible a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores.
- Dimensión epistemolóxica. Os seus contidos son saberes cunha fundamentación e cunha metodoloxía científica propia, implantados con rigor e tradición no noso contorno cultura

CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DE RELIXIÓN CATÓLICA 1º DE E.P

Bloque 1. O sentido relixioso do home

- A Creación como agasallo de Deus.
- O home, obra mestra da Creación.
- A comunicación do home con Deus.

Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia

- Deus acompaña o home na historia.
- Deus fálalles aos homes como amigos.

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

- Xesús, o fillo de Deus faise home, vive e medra nunha familia.
- Acontecementos e lugares xeográficos importantes na vida de Xesús.
- Xesús morreu para a nosa salvación.

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

- A Igrexa, familia de Xesús.
- Espazo e tempo sagrado na Igrexa.
- O domingo, día dedicado ao Señor.

UNIDADES DIDÁCTICAS

TEMA 1 A Creación, agasallo de Deus

Temporalización:

Setembro: Outubro:

OBXECTIVOS

1. Descubrir que Deus Pai nos regalou a Creación.
2. Concibir o ser humano como a obra mestra da Creación.
3. Coñecer o relato bíblico «A Creación é obra de Deus».
4. Tomar conciencia do valor de admirar a natureza.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
----------	-------------------------	--------------------------------------	----

BLOQUE 1. O sentido relixioso do home <ul style="list-style-type: none"> A creación como agasallo de Deus. 	1. Identificar e	1.1. Coñece, respecta e cuida a obra creada. (Bloque1. Estándar de aprendizaxe 1.1.) 1.2. Descubre e nomea situacións nas que necesita as persoas e sobre todo, a Deus, para vivir. (Bloque 1. Estándar de aprendizaxe 1.2.)	CCL , CA A, CSC
BLOQUE 1. O sentido relixioso do home <ul style="list-style-type: none"> O home, obra 	2. Recoñecer a relación intrínseca que existe entre Deus e o home. (Bloque 1. C	2.1. Identifica e enumera os cuidados que recibe na súa vida como don de Deus. (Bloque 1. Estándar de aprendizaxe 3.1.)	
<ul style="list-style-type: none"> O relato bíblico «A Creación é 	3. Concibir o home e a muller como a obra mestra de Deus.	3.1. escoita e coloreia o relato da Creación.	CCL , CD, CA
<ul style="list-style-type: none"> A Biblia e a arte: <i>A Creación é obra de Deus.</i> 	4. Observar a historia presente nunha obra de arte.	4.1. Observa e conta o que lembra sobre a historia presente nunha pintura.	CCL , CA A,
<ul style="list-style-type: none"> O valor de admirar a natureza. 	5. Estimar o valor de admirar a natureza.	5.1. Recoñece actitudes nas que se cuida a Creación.	CCL , CD, CA

TEMA 2 Deus fálanos na Biblia

Temporalización:

Outubro: Novembro:

OBXECTIVOS

1. Descubrir que Deus nos fala na Biblia.
2. Recoñecer e valorar como Deus lles fala aos homes para que sexan os seus amigos.
3. Comprender como Deus se comunica no relato bíblico «Deus e Moisés»
4. Interiorizar o valor de escoitar.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
BLOQUE 2. A revelación: Deus intervén na historia <ul style="list-style-type: none"> • Deus fálalles aos homes como amigos. 	1. Recoñecer e apreciar a relación paterno-filial entre Deus e o home. (Bloque 2. Criterio de avaliación 1)	1.1. Coñece e valora que Deus lle fala a Abrahán e a Moisés para ser o seu amigo. (Bloque 2. Estándar de aprendizaxe 1.1.)	CCL , CD, CA A, CSC
<ul style="list-style-type: none"> • O relato bíblico «Deus e Moisés». 	2. Ler e comprender o relato «Deus e Moisés».	2.1. Explica en que consiste a misión de Moisés. 2.2. Corta e pega uns adhesivos na imaxe do relato bíblico.	CCL , CD, CA
<ul style="list-style-type: none"> • A Biblia e a arte: <i>Deus e Moisés</i>. 	3. Saber o que expresa a historia dunha pintura.	3.1. Explica en voz alta a historia dunha pintura.	CCL , CA A,
<ul style="list-style-type: none"> • O valor de escoitar. 	4.Recoñecer e interiorizar o valor de escoitar.	4.1. Expresa a importancia que ten escoitar. 4.2. Escoita e recita unha breve oración de acción de grazas.	CCL , CA A,

TEMA 3 Celebramos o Nadal con Xesús

Temporalización:

Novembro: Decembro:

OBXECTIVOS

1. Coñecer que Xesús é o Fillo de Deus feito home e que desenvolve a súa vida no seo dunha familia.
2. Valorar a importancia da familia tomando como modelo a Sagrada Familia.
3. Entender a ensinanza do relato bíblico «O nacemento de Xesús».

4. Tomar conciencia da importancia que ten o valor de felicitar.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliables	CC
<p>3. Xesucristo, cumprimento da historia da salvación</p> <ul style="list-style-type: none"> • Xesús, o Fillo de 	<p>Xesús se fai nome no seu dunha familia. (Bloque 3. Criterio de avaliación 1)</p>	<p>como comunidade na que Deus se fai presente entre os homes. (Bloque 3. Estándar de avaliación 1.1.) 1.2. Valora e respecta a familia de Xesús a semellanza da súa. (Bloque 3. Estándar de avaliación 1.2.)</p>	<p>CCL , CD, CA</p>
	<p>2. Relacionar lugares e acontecementos nos que Deus expresou o seu amor polos homes na vida de Xesús. (Bloque3.Criteriode avaliación 2)</p>	<p>2.1. Nomea e asocia lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús. (Bloque 3. Estándar de avaliación 2.1.)</p>	<p>A, CSC</p>
<ul style="list-style-type: none"> • O relato bíblico «O nacemento de Xesús». 	<p>3. Coñecer e enumerar os personaxes que interveñen no relato bíblico do nacemento de Xesús.</p>	<p>3.1. Expón oralmente o relato «O nacemento de Xesús». 3.2. Sinala nun debuxo do relato a Sagrada Familia.</p>	<p>CCL , CA A,</p>

• A Biblia e a arte: <i>O nacemento de Xesús.</i>	4. Interpretar un cadro sobre o nacemento de Xesús.	4.1. Identifica os personaxes e a escena dun cadro.	CCL , CA
• O valor de felicitar.	5. Apreciar o valor de felicitar.	5.1. Felicita o Nadal por medio da expresión plástica.	CCL , CA A,

TEMA 4 Deus quérenos

Temporalización:

Xaneiro:

OBXECTIVOS

1. Recoñecer a Deus como o noso Pai que nos coñece, coida, axuda e perdoa.
2. Valorar a importancia que ten para Deus que nos amemos e axudemos.
3. Ler con atención e comprender a ensinanza do relato bíblico «A parábola da ovella perdida».
4. Entender e apreciar o valor da boa educación.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
Revelación. Deus intervén na historia • Deus acompaña o home na historia.	1. Recoñecer e apreciar a relación paterna filial entre Deus e o home. (Bloque 2. Criterio de avaliación 1)	1.1. Sinala e representa as características da amizade de Deus co home: coidado, protección, acompañamento, colaboración, etc. (Bloque 2. Estándar de avaliación 1.2.)	CCL , CD, CA A, CSC
• O relato bíblico «A parábola da ovella perdida».	2. Expresar o ensino de «A parábola da ovella perdida».	2.1. escoita atentamente e expresa a ensinanza do relato bíblico «A parábola da ovella perdida».	CCL , CD, CA

<ul style="list-style-type: none"> A Biblia e a arte: <i>A parábola da ovela perdida.</i> 	3. Dialogar sobre o significado bíblico dun cadro.	3.1. Identifica e describe a quen representan os personaxes desta obra.	CCL , CAA ,
<ul style="list-style-type: none"> O valor da boa educación. 	4. Asimilar o valor da boa educación na súa vida cotiá.	4.1. Emprega fórmulas sinxelas de boa educación: bos días, grazas e ata mañá.	CCL , CAA ,

TEMA 5 Deus sempre nos escoita

Temporalización:

Febreiro:

OBXECTIVOS

1. Recoñecer que o ser humano pode comunicarse con Deus.
2. Coñecer personaxes bíblicos que nos serven de referencia para comunicarnos con Deus.
3. Comprender o relato bíblico «O rei David rézalle a Deus».
4. Descubrir e poñer en práctica o valor de dialogar.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
BLOQUE 1. O sentido relixioso do home <ul style="list-style-type: none"> A comunicación do home con Deus. 	1. Coñecer que a persoa é un ser capaz de falar con Deus. (Bloque 1. Criterio de avaliación 3)	1.1. Coñece e aprecia, a través de modelos bíblicos, que o home é capaz de falar con Deus. (Bloque1. Estándar de aprendizaxe 3.1.) 1.2. Memoriza e reproduce fórmulas sinxelas de petición e agradecemento. (Bloque 1. Estándar de aprendizaxe 3.2.)	CCL , CA A, CSC , CEC

<ul style="list-style-type: none"> • O relato bíblico «O rei David rézalle a Deus». 	2. Ler e comprender a historia bíblica «O rei David rézalle a Deus».	2.1. Expressa as calidades do rei David que agradaban a Deus.	CCL , CD, CA
<ul style="list-style-type: none"> • A Biblia e a arte: <i>O rei David rézalle a Deus.</i> 	3. Observar e explicar a historia presente nunha obra de arte.	3.1. Dialoga cos seus compañeiros e compañeiras sobre o contido e o que máis lle gusta da obra de arte.	CCL , CA A,
<ul style="list-style-type: none"> • O valor de dialogar. 	4. Estimar o valor de dialogar.	4.1. Expressa en que consiste o valor de dialogar. 4.2. Enumera diversas formas de diálogo segundo o seu destinatario.	CCL , CA A,

TEMA 6 Unha semana moi especial

Temporalización:

Marzo:

OBXECTIVOS

1. Descubrir lugares xeográficos, relacionados coa Semana Santa, nos que Deus manifestou o seu amor por medio de Xesús.
2. Tomar conciencia de que Xesús morreu pola nosa salvación.
3. Coñecer as ensinanzas do relato bíblico «Xesús morre e resucita».
4. Comprender o valor do sacrificio.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
cumprimento da Historia da Salvación <ul style="list-style-type: none"> Acontecementos e lugares xeográficos importantes na vida de Xesús. 	Deus expresou o seu amor polos homes na vida de Xesús. (Bloque 3. Criterio de avaliación 2)	vida de Xesús. (Bloque 3. Estándar de aprendizaxe 2.1.)	CCL, CD, CAA, CSC
<ul style="list-style-type: none"> Xesús morreu para a nosa salvación. 	2. Coñecer e ordenar os principais momentos da paixón e morte de Xesús. (Bloque 3. Criterio de avaliación 3)	2.1. Nomea e secuencia representacións gráficas dos momentos esenciais da paixón, a morte e a resurrección de Xesús. (Bloque 3. Estándar de aprendizaxe 3.1.)	
<ul style="list-style-type: none"> O relato bíblico «Xesús morre e resucita». 	3. Ler e comprender o relato: «Xesús morre e resucita».	3.1. Explica oralmente o relato: «Xesús morre e resucita».	CCL, CAA, CSC
<ul style="list-style-type: none"> A Biblia e a arte: <i>A Última Cea</i>. 	4. Interpretar un cadro sobre a Última Cea.	4.1. Recoñece e describe que fan os personaxes dun cadro.	CCL, CAA, CSC, CEC
<ul style="list-style-type: none"> O valor do sacrificio. 	5. Recoñecer e interiorizar o valor do sacrificio.	5.1. Describe o valor do sacrificio.	CCL, CAA, CSC

TEMA 7 A gran familia de Deus

Temporalización:

Abril:

OBXECTIVOS

1. Descubrir que os cristiáns formamos a Igrexa, a gran familia de Xesús, pola que lle expresamos o noso amor a Deus.
2. Tomar conciencia dos comportamentos que engrandecen a familia cristiá.
3. Como compartir. Coñecer a ensinanza do relato bíblico «As primeiras familias cristiás».
4. Comprender e vivenciar o valor de colaborar coa familia.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
BLOQUE 4. Permanencia de Xesucristo na Historia: a Igrexa	1. Recoñecer que os cristiáns formamos unha familia. (Bloque 4. Criterio de avaliación 1)	1.1. Asocia as características da familia da Igrexa coas da súa familia. (Bloque 4. Estándar de avaliación 1.1.)	CCL CD CA A
• A Igrexa, familia de Xesús.			C S
• O relato bíblico «As primeiras familias cristiás».	2. Comprender o significado do relato bíblico «As primeiras familias cristiás».	2.1. Anota comportamentos propios das primeiras familias cristiás.	CCL CA A CS
			C
• A Biblia e a arte: <i>Santo Estevo dando esmola.</i>	3. Describir unha pintura sobre Santo Estevo.	3.1. Sinala nunha expresión artística a representación da atención aos pobres.	CCL C A
			C E
• O valor de colaborar coa familia.	4. Interiorizar o valor de colaborar coa familia.	4.1. Identifica situacións nas que colabora coa súa familia.	CCL CA A CS

TEMA 8 As Festas cristiás Temporalización:

Maio:

OBXECTIVOS

1. Descubrir a importancia das festas cristiás, en especial o domingo como día dedicado ao Señor.
2. Comprender que nas festas cristiás lembramos e celebramos que Deus, Xesús e María están connosco.
3. Ler con atención o relato bíblico «Xesús e as festas».
4. Apreciar o valor de participar nas festas.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<p>LOQUE 4.</p> <p>Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa</p> <ul style="list-style-type: none"> • O domingo, día dedicado ao Señor. 	<p>1. Subliñar os elementos distintivos do domingo como día especial.</p> <p>loque 4. Criterio de avaliación 3)</p>	<p>1.1. oñece e expresa o sentido do domingo.</p> <p>(loque 4 Estándar de avaliación 3.1.)</p> <p>1.2. memoriza un canto de loanza.</p>	<p>CL,</p> <p>CA</p> <p>A</p> <p>CSC</p> <p>SIE</p> <p>P</p>
<ul style="list-style-type: none"> • O relato bíblico de Xesús e as festas». 	<p>2. Descubrir o contido do relato bíblico «Xesús e as festas».</p>	<p>2.1. Expresa o lugar e día da semana en que Xesús celebraba a festa.</p>	<p>CL</p> <p>CA</p> <p>A</p> <p>CS</p>
<ul style="list-style-type: none"> • A Biblia e a arte: Xesús e as festas. 	<p>3. Interpretar un cadro sobre Xesús na sinagoga.</p>	<p>3.1. Intercambia cos seus compañeiros e compañeiras o sentimento que esperta esta escena.</p>	<p>CL</p> <p>CA</p> <p>A</p> <p>CS</p>
<ul style="list-style-type: none"> • O valor de participar nas festas. 	<p>4. Describir en que consiste o valor de participar nas festas.</p>	<p>4.1. sabe en que consiste o valor de participar nas festas.</p> <p>4.2. completa un debuxo dedicado á Virxe María.</p>	<p>CL CD</p> <p>CA</p> <p>A</p> <p>CS</p> <p>C</p>

TEMA 9 Visito a Xesús

Temporalización:

Maio:

Xuño:

OBXECTIVOS

1. Coñecer os espazos e os tempos sagrados na Igrexa.
2. Manifestar actitude de respecto cara ao templo como lugar sagrado.
3. Ler e descubrir a importancia do templo no relato bíblico «A presentación de Xesús no Templo».
4. Interiorizar o valor cristián de apreciar a arte.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
BLOQUE 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa <ul style="list-style-type: none"> • Espazo e tempo sagrado na Igrexa. 	1. Distinguir os espazos e os tempos sagrados doutros lugares e tempos. (Bloque 4. Criterio de avaliación 2)	1.1. Expresa o respecto ao templo como lugar sagrado. (Bloque 4. Estándar de aprendizaxe 2.1.)	CC L CD CA A CS
<ul style="list-style-type: none"> • O relato bíblico «A presentación de Xesús no Templo». 	2. Ler e expresar o contido do relato: «A presentación de Xesús no Templo».	2.1. Expresa o contido do relato «A presentación de Xesús no Templo».	CC L CA
<ul style="list-style-type: none"> • A Biblia e a arte: <i>A presentación de Xesús no Templo.</i> 	3. Contemplan e interpretan unha pintura sobre a presentación de Xesús no Templo.	3.1. Dialoga sobre a escena e os personaxes que aparecen nunha obra artística.	CC L CA A
<ul style="list-style-type: none"> • O valor de apreciar a arte. 	4. Apreciar os obxectos relixiosos do templo.	4.1. Expresa en que consiste o valor de apreciar a arte. 4.2. Identifica obxectos relixiosos do templo.	CC L CD CA A

CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Bloque 1. O sentido relixioso do home

- 1.1. Coñece, respecta e cuida a obra creada.
- 1.2. Expresa con palabras propias o asombro polo que Deus fai. (Grao mínimo de consecución 50%).
- 2.1. Identifica e enumera os cuidados que recibe na súa vida como don de Deus. (Grao mínimo de consecución 50%).
- 3.1 Coñece e aprecia a través de modelos bíblicos que o home é capaz de falar con Deus (Grao mínimo de consecución 50%).
- 3.2. Memoriza e reproduce fórmulas sinxelas de petición e agradecemento (Grao mínimo de consecución 50%).

(Procedementos de avaliación: Observación diaria sistemática do alumno. Fichas, probas de avaliación)

Bloque 2. A revelación: Deus intervéen na historia

- 1.1. Coñece e valora que Deus fala a Abrahán e Moisés para ser o seu amigo. (Grao mínimo de consecución 50%)
- 1.2. Sinala e representa as características da amizade de Deus co home: cuidado, protección, acompañamento, colaboración, etc (Grao mínimo de consecución 60%).

(Procedementos de avaliación: Observación diaria sistemática do alumno. Fichas, probas de avaliación)

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

- 1.1. Nomea e asocia lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús (Grao mínimo de consecución 50%).
- 2.1. Nomea e secuencia representacións gráficas dos momentos esenciais da paixón, morte e resurrección de Xesús (Grao mínimo de consecución 50%).

(Procedementos de avaliación: Observación diaria sistemática do alumno. Fichas, probas de avaliación)

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

- 1.1. Asocia as características da familia da Igrexa coas da súa familia (Grao mínimo de consecución 60%).
- 2.1. Expresa o respecto ao templo como lugar sagrado (Grao mínimo de consecución 50%).
- 3.1. Coñece e expresa o sentido do domingo (Grao mínimo de consecución 50%).

(Procedementos de avaliación: Observación diaria sistemática do alumno. Fichas, probas de avaliación)

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

En cada unidade traballaranse actividades específicas de reforzo e/ou ampliación en función das necesidades do alumnado, dado que non tódolos nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Actividades para conmemorar diferentes festas cristiás(Nadal, Semana Santa...)

Participarase nas conmemoracións que se celebren no presente curso no colexio.

ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

<i>Actividades TIC</i>	Actividades integradas nas secuencias de aprendizaxe.
<i>Ligazóns a Internet</i>	Aproveitamento de recursos educativos en Internet: Procura de imaxes, información ou curiosidades, selección e organización para transformalo en coñecemento.
<i>Recursos dixitais na web</i>	Actividades interactivas (aplicables no encerrado dixital interactivo): O alumno responde seleccionando a opción correcta, clasificando os elementos en diferentes grupos ou situándoos na súa posición correcta.

ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Lectura:

- Lectura do libro de texto.
- Outros textos escritos: curtos, de tipoloxía diferente (informativo, descritivo, contos, poemas...).
- Textos en apoio dixital (internet e aplicacións informáticas, lectura en pantalla).
- Textos orais complementados e acompañados de imaxes ou audios.

Expresión:

- Exposición oral e escrita en traballos individuais, actividades en grupo, en razoamentos e intervencións: planificación, redacción, revisión.
- Expresión oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso.
- Expresión escrita en papel e en pantalla.

ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Trataremos temas que afecten á boa convivencia do grupo e ao conxunto do centro, tomando como exemplo a Xesús e a mensaxe de amor ao próximo que Él nos deixou).

MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Debido ao carácter interrelacional do proceso de ensino-aprendizaxe, o profesor de Relixión Católica tamén deberá revisar continuamente a súa labor docente na medida que os resultados acadados non respondan ás previsións. A avaliación, polo tanto, afecta a todos os implicados no proceso educativo no cal se dan relacións humanas recíprocas que serán máis enriquecedoras na medida en que todos os suxeitos aporten o mellor de si mesmos.

O profesor avaliará os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos do currículo, e tamén en relación ás necesidades educativas do centro e ás características específicas dos alumnos/as.

Os resultados da avaliación da aprendizaxe dos alumnos/as e do proceso de ensinanza, servirán para modificar aqueles aspectos da programación educativa que se detectaron como pouco axeitados ás características dos alumnos/as e ao contexto do centro.

Para levar a cabo o seguimento do desenvolvemento da programación didáctica, así como o seu rendemento e a súa posterior revisión e adaptación caso de seren detectados desaxustes, a profesora de Relixión empregará as seguintes ferramentas e procedementos na medida que se revelen necesarios:

- Enquisas de auto avaliación do alumnado.
- Enquisas de auto avaliación do profesorado.
- Guías de análise
- Enquisas ao alumnado e ao profesorado

CUESTIÓNS	SI/NON	XUSTIFICACIÓN	OBSERVACIÓNS
Acadáronse os obxectivos previstos? En que porcentaxe?			
Fíxose algún cambio nos contidos?			
Variouse nalgún aspecto a metodoloxía?			
Axustouse ben ó tempo?			
Utilizamos todos os recursos previstos?			
Cales actividades			

e recursos deron mellor resultado?			
Efectuouse algunha modificación na avaliación?			
Estivo motivado e implicado o alumnado en xeral?			
Cales foron os maiores intereses do alumnado?			
É aconsellable introducir algún cambio?			

ASPECTOS	DESTACAMOS	A MELLORAR	PROPOSTAS
Cumprimento da temporalización programada			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Consecución dos mínimos esixibles por parte do alumnado			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			

CONCRECIÓN DOS OBIECTIVOS DE RELIXIÓN CATÓLICA

1. Recoñecer a imposibilidade de alcanzar a plenitude para a natureza humana.
2. Aceptar que para ser feliz necesitamos un Salvador.
3. Evidenciar a consecución da plenitude humana en relación de Deus en distintos signos de diferentes culturas.
4. Recoñecer a humanidade da persoa na relación con Deus.
5. Apreciar a riqueza dos textos históricos.
6. Recoñecer o encontro con Deus a través de Xesús.
7. Comprender como Xesús cumpre a vontade de Deus a pesar dos obstáculos.
8. Ver na Igrexa a continuación da misión de Xesús.
9. Recoñecer nos sacramentos de servizo a misión da Igrexa.
10. Comprender os trazos do tempo litúrxico de Pascua. Identificar no encontro co Resucitado un cambio de vida.

CONTIDOS

Bloque 1. O sentido relixioso do home

1. A incapacidade do ser humano para ser feliz reclama a salvación.
2. A plenitude do ser humano está na relación con Xesús.
- 3.

Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia

1. O pobo de Israel como depositador da sabedoría de Deus
2. Os libros sapienciais enriquecen á humanidade.

Bloque 3. Xesús, cumprimento da historia da salvación

1. As tentacións de Xesús: obstáculo ao cumprimento do plan de Deus.
2. Xesús envía aos discípulos para continuar coa súa misión salvífica.
3. **Bloque 4. Permanencia de Xesús na historia: a Igrexa**

1. Os sacramentos ao servizo da misión da Igrexa: Confirmación, Orden e Matrimonio.
2. A Pascua, tempo de resurrección. Os froitos da resurrección de Xesús: A alegría e a paz.
3. Os cristiáns, testemuñas da resurrección.

TEMPORALIZACIÓN

1º TRIMESTRE

- *Miramos arredor y nos preguntamos*
- *Dios llama a su pueblo a seguirlo*
- *El hinduismo, el budismo y el islam responden.*

2º TRIMESTRE

- *Mis ojos han visto al Salvador»*
- *La Iglesia, Pueblo de Dios*
- *Respondemos a los retos*
- *María y los santos son un modelo*

3º TRIMESTRE

- *La fe cristiana*

- *Echamos las redes*
- *Brilla nuestra esperanza*
- *Somos personas auténticas*

CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Bloque 1. O sentido relixioso do home

1.1. Identifica e xulga situacións nas que recoñece a imposibilidade de ser feliz. (Grao mínimo de consecución 50%)

2.1. Busca, compara e comenta distintas expresións do desexo humano de

salvación na literatura e música actuais. (Grao mínimo de consecución 50%)

3.1. Descubre e explica por que os enterramentos, pinturas, ritos e costumes son signos da relación do home coa Divindade. (Grao mínimo de consecución 50%)

4.1. Investiga e recolle acontecementos da historia onde se aprecia que o feito relixioso foi o motor de cambios para potenciar os dereitos humanos, a convivencia, o progreso e a paz. (Grao mínimo de consecución 60%)

Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia

1.1. Identifica e valora expresións recollidas nos libros sapienciais que enriquecen e melloran a persoa. (Grao mínimo de consecución 50%)

1.2. Investiga e contrasta a sabedoría popular con expresións da sabedoría de Israel emitindo un xuízo persoal. (Grao mínimo de consecución 50%)

1.3. Propón, dialogando cos seus compañeiros, situacións e comportamentos onde se expresa a riqueza humana que aparece nos textos sapienciais. (Grao mínimo de consecución 50%).

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

1.1. Nos discursos do evanxeo de Xoán frases que expresan a relación de Xesús co Pai e esfórzase por comprender o seu significado. (Grao mínimo de consecución 50%)

1.2. Identifica e sintetiza os trazos que Xesús desvela do Pai nos discursos do evanxeo de Xoán. (Grao mínimo de consecución 50%)

2.1. Extrapola as dificultades que tivo Xesús na súa vida para obedecer o Pai con situacións que viven os seres humanos. (Grao mínimo de consecución 60%)

3.1. Localiza e explica a misión apostólica nas expresións de Xesús recollidas nos evanxeos sinópticos. (Grao mínimo de consecución 50%)

3.2. Constrúe un mapa comparativo das accións de Xesús e as da Igrexa. (Grao mínimo de consecución 50%)

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

1.1. Coñece e explica con exemplos a razón pola que Confirmación, Orde e Matrimonio están ao servizo da Igrexa. (Grao mínimo de consecución 50%)

1.2. Aprende e diferencia os signos e momentos celebrativos da Confirmación, a Orde e o Matrimonio. (Grao mínimo de consecución 50%)

2.1. Sinala e explica os principais signos pasuais. (Grao mínimo de consecución 60%)

2.2. Crea unha composición onde se exprese a alegría e a paz que experimentaron os discípulos ao se atoparen co Resucitado. (Grao mínimo de consecución 50%)

3.1. Selecciona testemuños de cristiáns e xustifica o cambio xerado polo encontro co

3.2. Resucitado. (Grao mínimo de consecución 50%)

(Grao mínimo de consecución 60%)

(Procedementos de avaliación: Observación diaria sistemática do alumno. Fichas, libro de texto, caderno, probas de avaliación)

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.
- Traballo en grupo cooperativo: facer grupos de 3 ou 4 alumnos e alumnas e utilizar as estruturas da aprendizaxe cooperativa suxeridas na guía do profesorado para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Posta en común en gran grupo despois do traballo individual ou grupal.
- Círculos de aprendizaxe.
- Exposición do profesorado.

MATERIAIS E RECURSOS DIDACTICOS

- Libro de texto dixital *Relixión Católica 6 EP*, Tobih, editorial rodeira.
- Murais.
- Recursos educativos dixitais.
- Rede para a aula.
- Encerado dixital.
- Novo Testamento ou *Biblia*.
- Dicionario e atlas.
- Material funxible.

CRITERIOS DE CUALIFICACION

As cualificacións irán en función de varios factores, e entrarán a formar parte da cualificación seguindo estas porcentaxes:

- 40% - observación sistemática do alumnado (finalización de tarefas, participación na aula...)
- 30% - traballo individual e grupal (fichas, proxectos, cadernos, libros...)
- 10% - fichas de avaliación
- 20% - comportamento e conduta (cumplimento das normas da aula e do centro, respecto cara a contorna, actitude cara a aprendizaxe...)

MEDIDAS DE ATENCION Á DIVERSIDADE

En cada unidade traballaranse actividades específicas de reforzo e/ou ampliación en función das necesidades do alumnado, dado que non tódolos nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Actividades para conmemorar diferentes festas cristiás(Nadal, Semana Santa...)

Participarase nas conmemoracións que se celebren no presente curso no colexio.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

<i>Actividades TICS</i>	Actividades integradas nas secuencias de aprendizaxe.
<i>Ligazóns a Internet</i>	Aproveitamento de recursos educativos en Internet: Procura de imaxes, información ou curiosidades, selección e organización para transformalo en coñecemento.
<i>Recursos dixitais na web</i>	Actividades interactivas (aplicables no encerado dixital interactivo): O alumno responde seleccionando a opción correcta, clasificando os elementos en diferentes grupos ou situándoos na súa posición correcta.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Lectura

- **Lectura do libro de texto.**
- **Outros textos escritos: curtos, de tipoloxía diferente (informativo, descritivo, contos, poemas...).**
- **Textos en apoio dixital (internet e aplicacións informáticas, lectura en pantalla).**
- **Textos orais complementados e acompañados de imaxes ou audio.**

Expresión:

- **Exposición oral e escrita en traballos individuais, actividades en grupo, en razoamentos e intervencións: planificación, redacción, revisión.**
- **Expresión oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso.**
- **Expresión escrita en papel e en pantalla.**

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Trataremos temas que afecten á boa convivencia do grupo e ao conxunto do centro, tomando como exemplo a Xesús e a mensaxe de amor ao próximo que Él nos deixou).

MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Debido ao carácter interrelacional do proceso de ensino- aprendizaxe, o profesor de Relixión Católica tamén deberá revisar continuamente a súa labor docente na medida que os resultados acadados non respondan ás previsións. A avaliación, polo tanto, afecta a todos os implicados no proceso educativo no cal se dan relacións humanas recíprocas que serán máis enriquecedoras na medida en que todos os suxeitos aporten o mellor de si mesmos.

O profesor avaliará os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos do currículo, e tamén en relación ás necesidades educativas do centro e ás características específicas dos alumnos/as.

Os resultados da avaliación da aprendizaxe dos alumnos/as e do proceso de ensinanza, servirán para modificar aqueles aspectos da programación educativa que se detectaron como pouco axeitados ás características dos alumnos/as e ao contexto do centro.

Para levar a cabo o seguimento do desenvolvemento da programación didáctica, así como o seu rendemento e a súa posterior revisión e adaptación caso de seren detectados desaxustes, a profesora de Relixión empregará as seguintes ferramentas e procedementos na medida que se revelen necesarios:

- Enquisas de Autoavaliación do alumnado.
- Guías de análise
- Enquisas ao alumnado e ao profesorado

CUESTIÓNS	SI/NON	XUSTIFICACIÓN	OBSERVACIÓNS
Acadáronse os obxectivos previstos? En que porcentaxe?			
Fíxose algún cambio nos contidos?			
Variouse nalgún aspecto a metodoloxía?			
Axustouse ben ó tempo?			
Utilizamos todos os recursos previstos?			
Cales actividades e recursos deron mellor resultado?			

Efectuouse algunha modificación na avaliación?			
Estivo motivado e implicado o alumnado en xeral?			
Cales foron os maiores intereses do alumnado?			
É aconsellable introducir algún cambio?			

ASPECTOS	DESTACAMOS	A MELLORAR	PROPOSTAS
Cumprimento da temporalización programada			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Consecución dos mínimos esixibles por parte do alumnado			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			
Interdisciplinariedade			

**PROG
RAMA
CIÓN
TELET
EMÁTI
CA
PRIMA
RIA**

CURSO 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CONTENIDOS MÍNIMOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	INDICADORES
BLOQUE 1. El sentido relixioso do home		
<p>A creación como regalo de Deus</p> <p>O home obra mestra da Creación.</p> <p>A comunicación do home con Deus</p>	<p>1. Identificar e valorar a creación como acto de amor de Deus ao home.</p> <p>2.coñecer que a persoa é un ser capaz de falar con Deus</p>	<p>1.1 Coñece, respecta e cuida a obra creada.</p> <p>2.1 identifica e numera os cuidados que recibe na súa vida como don de Deus.</p> <p>2.2 Coñece e apreixa a través de modelos bíblicos que o home é capaz de falir con Deus.</p>
BLOQUE 2. A revelación: Deus intervén na historia		
<p>Deus acompaña ao home na historia</p>	<p>1. Recoñecer e apreciar a relación paterno-filial entre Deus e o home</p>	<p>1.1 Sinala e representa as características da amizade de Deus co home: cuidado, protección, acompañamento, colaboración, etc</p>
BLOQUE 3. Xesucristo, cumprimento da historia da salvación		
<p>Xesús, o fillo de Deus faise home, vive e crece nunha familia</p> <p>Acontecementos e lugares xeográficos importantes na vida de Xesús</p> <p>Xesús morreu para a nosa salvación</p>	<p>1. Recoñecer e estimar que Xesús faise home no seno dunha familia</p> <p>2. Relacionar lugares e acontecementos nos que Deus expresou seu amor polos homes na vida de Xesús</p> <p>3.Coñecer e ordenar os principais momentos da pasión e morte de Xesús.</p>	<p>1.1 Identifica a María e Xosé como comunidade na que Deus faise presente entre os homes</p> <p>1.2 Valora e respecta a familia de Xesús a semellanza súa.</p> <p>2.1 Nomea e asocia, lugares acontecementos importantes na vida de Xesús.</p> <p>3.1 Nomea e secuencia representacións gráficas dos momentos esenciais da pasión, morte e resurrección de Xesús.</p>
BLOQUE 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa		
<p>A igrexa, familia de Xesús</p> <p>O domingo, día dedicado ao Señor</p>	<p>1. Recoñecer que os cristiáns tamén formamos unha familia.</p> <p>2. Subliñar os elementos distintivos do domingo como día especial.</p>	<p>1.1 Asocia as características da familia da igrexa cas da súa familia.</p> <p>2.1 Coñece e expresa o sentido do domingo.</p>

CURSO 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CONTIDOS MÍNIMOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	INDICADORES
Bloque 1: O sentido relixioso do home		
<p>Deus, pai da humanidade, quere nosa felicidade.</p> <p>Deus crea ao home para ser o seu amigo.</p>	<p>1. Identificar na propia vida o desexo de ser feliz</p> <p>2. Apreciar a bondade de Deus Pai que creou ao home co desexo de ser feliz</p>	<p>1.1 Toma conciencia e expresa os momentos e as cousas que lle fan feliz a el e as persoas do seu entorno.</p> <p>2.1 descubre e nomea situacións Nas que necesita ás persoas, e sobre todo a Deus para vivir.</p> <p>2.2 Valora e agradece que Deus creouno para ser feliz</p>
Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia		
<p>A biblia nárranos o que Deus fixo na historia.</p> <p>Deus propón ao home un camiño de encontro con Él.</p>	<p>1. Identificar a acción de Deus na historia dos relatos bíblicos.</p> <p>2. Recoñecer e apreciar que Deus sempre busca a salvación do home.</p>	<p>1.1 Coñece, memoriza e reconstrúe relatos bíblicos da acción de Deus na historia.</p> <p>2.1 Dramatiza momentos da vida dos patriarcas onde se exprese a protección, o coidado e acompañamento de Deus.</p>
Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación		
<p>Deus elixe a María para que o seu fillo se faga home.</p> <p>O Advento, espera do cumprimento da promesa de salvación</p> <p>O Nadal: nacemento do Salvador.</p>	<p>1. Coñecer e valorar a resposta de María a Deus.</p> <p>2. Aprender o significado do tempo de Advento.</p> <p>3. Identificar i significado profundo do Nadal.</p>	<p>1.1 Lee ou expresa verbal ou graficamente, o relato da Anunciación.</p> <p>1.2 Dramatiza a misión das personaxes que forman parte na Anunciación.</p> <p>2.1 Identifica os signos de Advento como tempo de espera.</p> <p>3.1 Coñece o relato do nacemento de Xesús e descubre na actitudes e palabras das personaxes o valor profundo do Nadal.</p>
Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: A Igrexa		
<p>O Bautismo: incorporación a Igrexa</p> <p>Xesucristo santifica o tempo: o ano litúrxico</p>	<p>1.Recoñecer o Bautismo como medio para formar parte da igrexa.</p> <p>2. Coñecer o ano litúrxico e os seus tempos.</p>	<p>1.1 Coñece e explica cas súas palabras o sentido do bautismo.</p> <p>1.2 Asocia os elementos materiais da auga, o óleo, a luz co seu sentido sacramental.</p> <p>2.1 Crea un calendario onde situe os diferentes tempos litúrxicos.</p>

CURSO 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CONTIDOS MÍNIMOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	INDICADORES
BLOQUE 1. El sentido relixioso do home		
<p>A realidade que nos rodea como don para a nosa felicidade Respostas do home ao don de Deus</p>	<p>1. Recoñecer e valorar que os seus pais, amigos e entorno son un don de Deus para a súa felicidade. 2. Tomar conciencia que as accións persoais acercan ou separan de Deus.</p>	<p>1.1 Lembra e narra experiencias recentes nas que descubriu que a familia, os amigos ou o seu entorno son regalo. 1.2 Enumera, describe e comparte situacións, persoas, ou cousas polas que estás agradecido. 2.1 Distingue e enumera accións persoais que lle fan feliz ou infeliz.</p>
BLOQUE 2. A revelación: Deus intervén na historia		
<p>A vocación de Moisés para liberar ao seu pobo. O coidado de Deus co seu pobo: signos de amizade,(a nube, o maná, a auga....).</p>	<p>1. Descubrir a importancia de Moisés para a liberación do pobo de Israel. 2. Recoñecer e valorar o signos de amizade de Deus co seu pobo.</p>	<p>1.1 Aprende e coloca cronolóxicamente os principais feitos da historia de Moisés. 2.1 Interesase e agradece os signos de Deus na súa vida: a familias, os amigos, a escola....</p>
BLOQUE 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación		
<p>O bautismo de Xesús: Comezo da misión. A misión de Xesús e facer felices aos homes.</p>	<p>1. Asociar o bautismo de Xesús co momento en que comeza a súa vida pública. 2. distinguir como Xesús fai felices aos homes cos xestos e accións.</p>	<p>1 Narra os cambios que o Bautismo introduce na vida de Xesús. 2.1 Descubre e subliña, nos relatos de milagres, os xestos e accións de Xesús que fan felices aos homes.</p>
BLOQUE 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa		
<p>A igrexa continuadora da misión de Xesús. O Pai noso, signo de pertencencia a comunidade cristián</p>	<p>1. Identificar e valorar as accións da igrexa que continúan a misión de Xesús. 2. Descubrir os rasgos da amizade con Edís na vida cotiá. 3. Comprender que a oración do Pai Noso expresa a pertencencia a comunidade eclesial.</p>	<p>1.1 Busca testemuñas da acción misioneira e caritativa da igrexa como continuidade da misión de Xesús. 2.1 Observa e descubre na vida dos santos manifestacións da amizade con Deus 3.1 Explica significativamente a orixe do Pai noso.</p>

CURSO 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CONTIDOS MÍNIMOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	INDICADORES
Bloque 1: O sentido relixioso do home		
O perdón como necesidade do ser humano	1. identificar a necesidade do perdón para ser feliz.	1.1 lembra e acepta situacións persoais ou sociais que necesitan de perdón.
Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia		
O relato do pecado orixinal: O home quere suplantar a Deus. Deus sempre está disposto ao perdón.	1. Identificar a orixe do pecado en algúns relatos bíblicos. 2. Coñecer as características do perdón de Deus.	1.1 Sitúa no relato as frases que expresen a falta de colaboración na tarefa de Deus e o rechazo da amizade con El, e aplícaa a situacións actuais. 2.1 descubre e enumera as características do perdón de Deus en algúns relatos bíblicos.
Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación		
O perdón de Deus: accións e parábolas de Xesús Amizade e preferencias de Xesús polos máis necesitados e débiles. Xesús cumpre a vontade do seu Pai: Pasión e morte de Xesús	1. Comprender o significado de algunhas parábolas do perdón. 2. Recoñecer a iniciativa de Xesús polos máis necesitados e polos enfermos. 3. Comprender e apreciar que, na súa paixón e morte Xesús está cumprindo a vontade do Pai.	1.1 Analiza, comenta e crea relatos onde actualiza as parábolas do fillo prodigo, do fariseo e o republicano. 2.1 Busca, subliña e comenta rasgos da preferencia de Xesús polos máis necesitados, polos enfermos, nos textos evanxélicos 3.1 Secuencia ordenadamente escenas da historia da paixón e identifica as palabras de Xesús que expresen a súa relación co Pai.
Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: A Igrexa		

O sacramento da reconciliación A celebración da eucaristía. A cuaresma: tempo penitencial.	1. Explicar que a través do sacramento da Reconciliación Deus danos o seu perdón. 2. Diferenciar signos e momentos da celebración eucarística. 3.- Coñecer rasgos da cuaresma como tempo penitencial.	1.1 Describe os pasos da celebración do sacramento do perdón. 2.1 Une símbolos, significados e momentos na celebración eucarística 3.1 Investiga e presenta con diversos recursos obras e institucións da igrexa de carácter penitencial.
--	---	---

CURSO 5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CONTIDOS MÍNIMOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	INDICADORES
Bloque 1: O sentido relixioso do home		
A persoa humana foi creada co desexo do ben	1. Recoñecer e estimar que Deus creou a persoa humana con desexo de ben. 2. Esforzarse por identificar que a adhesión ao ben crea felicidade.	1.1 Localiza a través de diferentes fonte biografías que demostren ao ser humano o ben. 2.1 Propón situacións na historia que manifesten o desexo humano do ben.
BLOQUE 2. A revelación: Deus intervén na historia		
Deus fai alianza co seu pobo. Deus desexa un pobo santo: Os mandamentos	1. Interpretar o significado da alianza de Deus co pobo. 2. Comprender e respectar as características do pobo que Deus quere contidas no Decálogo.	1.1 Explica e sintetiza os rasgos característicos da Alianza de Deus co seu pobo. 2.1 Clasifica e é consciente do contido do decálogo.
BLOQUE 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación		
O encontro con Xesús desvela a persoa súa verdadeira identidade. Os signos do reino: As milagres. A resurrección: Cumprimento do plan salvífico de Deus.	1. Recoñecer os relatos evanxélicos o cambio que xenera o encontro con Xesús. 2. Coñecer e interpretar o significado dos milagres de Xesús como acción de Deus. 3. Comprender que Deus salva a Xesús da morte.	1.1 Interpreta e aprecia o cambio que orixinou o encontro con Xesús nalgúns das personaxes que aparecen no evanxeo. 2.1 Selecciona, xustifica a elección e explica por escrito o significado de algúns milagres. 3.1 sinala afirmacións dos testigos recollidos nos primeiros capítulos dos Feitos dos apóstolos onde se recoñece que a resurrección e acción de Deus
BLOQUE 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa		
A igrexa: ministerios y servicios. La Eucaristía, renovación do sacrificio de Xesús na Cruz.	1.Coñecer e respectar a composición da igrexa. 2.identificar o vínculo que existe entre a derradeira cea e a paixón, morte e resurrección de Cristo	1.1 Identifica e describe os rasgos e funcionamento dos distintos membros da comunidade eclesial. 2.1Explica e valora o significado das palabras de Xesús na Derradeira cea.

CURSO 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CONTIDOS MÍNIMOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	INDICADORES
Bloque 1: O sentido relixioso do home		
A plenitude do ser humano está na relación con Deus	1. Interpretar signos, nas distintas culturas, que evidencien que a plenitude humana alcanzase na relación con Deus. 2. Recoñecer que a relación con Deus fai a persoa mais humana.	1.1 Descubre e explica porqué os enterramentos, pinturas, ritos e costumes son signos da relación do home ca divinidade. 2.1 Investiga e recolle acontecementos da historia onde se recollen que o feito relixioso foi o motor dos cambios para potenciar os dereitos humanos, a convivencia, o progreso e a paz.
BLOQUE 2. A revelación: Deus intervén na historia		
	1. Descubrir e apreciar a riqueza dos textos sapienciais na historia	1.1 Identifica e valora expresións recollidas nos libros sapienciais que enriquezan e melloran a persoa
BLOQUE 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación		
	1. distinguir que a través de Xesús atopámonos con Deus. 2. Esforzarse por comprender que Xesús ten vencer obstáculos externos para realizar a vontade de Deus.	1.1 Identifica e sintetiza os rasgos que Xesús desvela do Pai nos discursos do evanxeo de S. Xoán., 2.1 Extrapola as dificultades que tivo Xesús na súa vida para obedecer ao seu Pai con saudacións que viven s seres humanos.
BLOQUE 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa		

<p>Os sacramentos ao servizo da misión da igrexa: Confirmación, Orde Sacerdotal e Matrimonio. A Pascua, tempo de resurrección. Os cristiáns, testemuñas de resurrección.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Diferenciar a aportación dos sacramentos de servizo a misión da igrexa. 2. Identificar os rasgos do tempo litúrxia da Pascua. 3. Recoñecer e valorar o cambio de vida xerado polo encontro co Resucitado. 	<p>.1 Aprende e diferencia os signos e momentos celebrativos da Confirmación, o Orde Sacerdotal e o Matrimonio.</p> <ol style="list-style-type: none"> 2.1 Sinala e explica os principais signos pascuais. 3.1 Selecciona testemuñas de cristiáns e xustifica o cambio xerado polo encontro co resucitado.
--	--	--

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA FORMACIÓN RELIXIOSA

CEIP. BAROUTA. CURSO 2020/21



(EDUCACIÓN
INFANTIL).

MARTA DO PILAR VIEITES SABEL

- O ENSINO DA RELIXIÓN

A formación relixiosa e moral católica pretende contribuír á formación integral do alumnado, desenrolando a súa capacidade transcendente, facilitándolle propostas de sentido para a vida e destacando aqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte dende a infancia. Nesta idade, o neno comeza a comprender o mundo que lle rodea e a relacionarse con el. Non existiría a formación integral sen o desenrolo de tódalas capacidades inherentes ó ser humano, entre as que atopamos a capacidade transcendente. A ensinanza relixiosa pretende contribuír deste xeito á calidade da educación, coa proposta e desenrolo dos coñecementos, valores e actitudes que conforman o currículo.

A ensinanza relixiosa católica na Educación Infantil, parte da experiencia do neno en referencia a tres grandes ámbitos: a identidade e autonomía persoal, o descubrimento do medio físico e social, e a comunicación e representación da realidade. Estes tres ámbitos trabállanse en mutua relación. A experiencia relixiosa do neno medra ó mesmo tempo que se desenrola a súa autonomía e identidade persoal en relación co medio.

A ensinanza relixiosa católica pretende acercar ao alumnado ás claves principais da fe cristián, axudarlle a descubrir esta experiencia no seu entorno, e a que el mesmo desenrole as súas facultades de expresión e iníciase nos elementos primeiros que facilitan a comunicación con Deus. No que ao primeiro ciclo de educación infantil se refire, é unha primeira e básica presentación da mensaxe cristiá e católica, adaptada ás características dos nenos e nenas de 6 a 8 anos. Dun xeito similar ao que se pretende en educación infantil, intentarase facer unha contribución á educación e á formación dunha personalidade dos nenos e nenas; ao espertar da dimensión transcendente e relixiosa e ao desenvolvemento da dimensión moral, democrática, solidaria e de hábitos de boa educación.

O currículo de relixión católica válese de elementos cristiáns presentes no entorno do alumnado, imaxes e símbolos, a linguaxe e outros recursos que fan posible a comprensión da experiencia relixiosa adecuada nestas idades.

Deste xeito, achegarase unha ensinanza relixiosa escolar do feito, da cultura e da mensaxe católica; un complemento para a iniciación na fe católica do alumnado; unha colaboración para a educación cristiá que reciben os nenos e nenas nas familias, na parroquia e ao mesmo tempo ser unha oferta para clarificar a busca e as dúbidas sobre a fe do alumnado destas idades.

Para que iso se achegue máis á realidade de cada neno, continuaremos co proxecto xunto co resto do profesorado do CRA sobre as emocións e que neste momento estamos a darlle forma e que estará dentro dunha liña dun PFPP.

1. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS:

A ensinanza relixiosa nesta etapa colabora e desenvolve a competencia en **comunicación lingüística** xa que emprega a linguaxe que conforma a cultura que se transmite na área de relixión e das linguaxes da propia ensinanza relixiosa.

Asemade, a formación relixiosa e moral católica aporta ás **competencias sociais e cívicas** a fundamentación dos valores que levan a mellorar as relacións interpersoais baseadas en principios e valores que saen da persoa de Xesucristo e axuda, en consecuencia, a afrontar as situacións de conflito mediante o diálogo, o perdón e a misericordia, valores propiamente cristiáns.

No máis fondo do ser cristiá xorde o gran valor da fraternidade universal. De aí que as mínimas esixencias éticas de convivencia, participación, respecto á diversidade sexan consecuencias da fe cristiá.

A distribución dos contidos e os respectivos criterios de avaliación e estándares en cada un dos tres cursos deben levarse a cabo tendo en conta as competencias, os obxectivos e a sistematicidade dos contidos adecuados ás idades en cada curso, de tal xeito que o desenvolvemento do currículo manteña a súa sistematización orgánica en diálogo cos demais saberes.

Conforme ás competencias establecidas no citado Acordo internacional e recoñecidas na Disposición Adicional Segunda da Lei Orgánica de Mellora da Calidade da Educación, corresponde á Conferencia Episcopal Española fixar o currículo da área de Relixión e Moral católica.

3. SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL:

3.1. OBXETIVOS:

No que ós obxectivos de área se refire, ao finalizar a educación infantil preténdese que o alumnado sexa capaz de:

- Descubrir e coñece-lo propio corpo, regalo de Deus, promovendo o desenvolvemento das súas posibilidades persoais. *(Competencia humanizadora, competencia lingüística)*
- Observar as manifestacións do entorno familiar e social que expresan a vivencia da fe católica para sentirse membro da comunidade relixiosa á que pertence. *(Competencia humanizadora y social)*
- Observar e describir elementos e relatos relixiosos cristiáns que lle permitan ó neno promover valores e actitudes básicas de respecto, confianza e ledicia. *(Competencia humanizadora, competencia social)*
- Expresar e celebra-las tradicións, festas máis importantes, exercitando as súas habilidades motrices, para relacionarse cos demais e acceder á oración, cantos e o sentido das festas relixiosas. *(Competencia cultural e competencia lingüística)*
- Favorecer actividades que promovan a participación, cooperación e xenerosidade como medio de expresar o amor de Deus e a fraternidade. *(Competencia humanizadora, aprender a aprender)*
- Descubrir que os cristiáns lle chaman Creador de tódalas cousas a Deus Pai, que nos quere e perdoa sempre. *(Competencia social, competencia de sentido)*
- Coñecer que Xesús naceu en Belén e é amigo de todos e nos quere, morreu por nós e resucitou para estar con nós. *(Competencia de sentido e trascendencia, humanizadora)*
- Descubrir que María é a nai de Xesús e tamén de tódolos cristiáns, que forman unha gran familia. *(Competencia social e cívica, humanizadora)*
- Respetar as cousas e persoas do seu entorno, coidalas e preocuparse por elas, como Xesús fixo e ensínanos a facer. *(Competencia social e cívica, aprender a aprender)*

3.2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

Nas seguintes táboas preséntanse os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que se terán en conta á hora de traballar cos nenos e nenas do 2º ciclo da educación infantil. En canto á avaliación, enténdese como un proceso en sí, e fundamentalmente como autoavaliación do educador/a sobre os seus propios obxectivos. Ao ser global o proceso de ensinanza e aprendizaxe, a dimensión relixiosa queda integrada en dita avaliación. Nun primeiro momento, farase unha avaliación inicial para ter en conta a información que o neno/a trae do ambiente familiar e social. Cabe sinalar a importancia que ten que ó longo desta etapa se axusten as actividades á evolución dos nenos/as.

Ó final da Educación Infantil verase si os nenos/as adquiriron os criterios que se propoñen para que poidan facer fronte á seguinte etapa, a educación Primaria.

Para saber si os criterios de avaliación se alcanzan dun xeito satisfactorio, axudarémonos duns instrumentos que se poñerán ao servizo do alumnado.

1. Deste xeito e dado que a etapa de educación infantil, **o xogo** ocupa un lugar destacado, votaremos man de diferentes xogos que nos axudarán a ver si o alumnado acadou os criterios mínimos ao final da etapa de educación infantil.
2. **A palabra** ocupará un lugar destacado nestes instrumentos. Deste xeito, poderase facer asembleas onde o neno ou nena responderá a unha preguntas sobre diferentes temas. A modo de xogo completará verbalmente unha determinada frase ou parábola.
3. Tamén se lle amosarán **fichas** nas que terán que completar solucións, ben con debuxos, números, diferentes cores ou con pequenas palabras. Isto nos axudará a ver si entenderon e asimilaron os contidos que se lles presentaron ao longo da etapa.

a) INFANTIL 3 ANOS:

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<ol style="list-style-type: none"> 1. A Biblia como o libro dos cristiáns. Admiración e coidado 2. A manifestación do amor cristián. A familia. 3. Leducia polo Nadal e Pascua 4. Xesús quérenos e cóidanos a todos. 5. A creación, como obra creadora de Deus. Respecto e gratitude cara ela. 6. Textos importantes que se refiren a María e Xesús. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer algúns valores humanos que posúe no seu interior e que Xesucristo lle ensina. 2. Saber compartir a ledicia do amor que Deus nos ten. 3. Valorar as ensinanzas que Xesús nos da para aprender a amar aos demais. 4. Aprender a falar con Xesús e a súa nai María xunto cos amigos e compañeiros. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Sabe recoñecer a cruz, a luz do altar, a auga bendita. <ol style="list-style-type: none"> 1. Aprecia os valores cristiáns que facilitan a convivencia. Respeta aos demais. 2. Valora moito e gústalles pasaxes do evanxeo 3. Asume algúns valores que Xesús lles ensina: compartir as cosas, perdoar e ser perdoados, e axudar aos compañeiros. 4. Sabe observar os referentes relixiosos da súa contorna. 5. Sabe onde está a casa de Deus, a Igrexa. 6. Sabe e alégrase coa Virxe María, Nai de Deus e Nai nosa

b) INFANTIL 4 ANOS:

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<p>1. O corpo humano é regalo de Deus Creador, que quere que o neno creza, coa colaboración dos seus pais.</p> <p>2. A ledicia polo nacemento de Xesús. Relatos do seu nacemento, vida, morte e resurrección de Xesús.</p> <p>3. Deus quere que nos amemos como El nos ama.</p> <p>4. A familia lugar de descubrimento e experiencia relixiosa e cristiá.</p> <p>5. Textos importantes en relación a Xesús e María. A oración.</p>	<p>1. Coñecer valores humanos do seu interior e que Xesucristo ensina.</p> <p>2. Coñecer e valorar os elementos mínimos dunha festa relixiosa e a súa posibilidade de participar nalgunha.</p> <p>3. Valorar as ensinanzas que Xesús da para aprender a amar aos demais.</p> <p>4. Valorar el don que Dios nos hace haciéndonos hijos suyos y parte de su familia, la Iglesia.</p> <p>5. Expresiones de agradecimiento y alegría por pertenecer a una familia.</p>	<p>1. Está coñecendo o amor de Deus Pai que lle quere e coas ensinanzas do seu Fillo Xesús.</p> <p>2. Progresa nas actitudes para amar e que lle amen.</p> <p>3. Gústalle ter amigos e compartir con eles como irmáns, xa que Deus é Pai de todos.</p> <p>4. Sabe onde está a Casa de Deus e a nosa, a Igrexa.</p> <p>5. Aprende a respectar os signos e símbolos relixiosos da súa contorna.</p> <p>6. Sabe recoñecer a cruz, a luz do altar, a auga bendita.</p>

C) INFANTIL 5 ANOS:

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<p>1. Somos fillos de Deus e parte da súa familia. Expresións de agradecemento e ledicia por pertencer a unha familia.</p> <p>2. A ledicia polo nacemento de Xesús. Principais festas cristiáns. O canto como expresión relixiosa de loubanza, ledicia e gratitude.</p> <p>3. A saúde como agasallo de Deus. Promover as grazas.</p> <p>4. Os símbolos relixiosos. Observar o vocabulario, imaxes e edificios pertos ao neno.</p>	<p>1. Coñecer valores humanos do seu interior e que Xesucristo ensina.</p> <p>2. Valorar o don que Deus nos fai facéndonos fillos seus e parte da súa familia, a Igrexa.</p> <p>3. Expresións de agradecemento e ledicia por pertencer a unha familia.</p> <p>4. Coñecer e valorar os elementos mínimos dunha festa relixiosa e a súa posibilidade de participar nalgunha.</p> <p>5. Valorar as ensinanzas que Xesús da para aprender a amar aos demais.</p> <p>6. Aprender a falar con Xesús e a súa nai María Xunto cos amigos e compañeiros.</p>	<p>1. Coñece o significado das palabras con sentido relixioso máis utilizadas no seu propio vocabulario .</p> <p>2. Está coñecendo o amor de Deus Pai que lle quere e coas ensinanzas do seu Fillo Xesús.</p> <p>3. Progresa na súa admiración polo amor que Xesús nos ten.</p> <p>4. Gústalle ter amigos e compartir con eles como irmáns, xa que Deus é Pai de todos.</p> <p>5. Sabe que moitos nos atenden e queren, dándonos alimentos, vestido e limpeza.</p> <p>6. Sabe onde está a Casa de Deus e a nosa, a Igrexa.</p> <p>7. Coñece e alégrase coa Virxe María, Nai de Deus e Nai nosa.</p> <p>8. Sabe recoñecer a cruz, a luz do altar, a auga bendita.</p>

TEMPORALIZACIÓN:

	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
3 ANOS	<ul style="list-style-type: none">- Coñezo o cole- A natureza- Chega o Nadal.	<ul style="list-style-type: none">- A familia de Xesús ea miña- As ensinanzas de Xesús- Imos de festa	<ul style="list-style-type: none">- A familia cristián- A casa dos cristiáns- Escóitote
4 ANOS	<ul style="list-style-type: none">- De volta ao cole- As flores- Imos a Belén	<ul style="list-style-type: none">- A familia- Xesús quérenos- De festa con Xesús	<ul style="list-style-type: none">- Os cristiáns- A igrexa- Infórmome
5 ANOS	<ul style="list-style-type: none">- No cole aprendemos- Que bonita é a natureza- Unha estrela especial	<ul style="list-style-type: none">- Vivo en familia- A nosa familia, a mellor- Estamos de festa	<ul style="list-style-type: none">- A familia cristián e as súas festas- A igrexa e o día do Señor- Escoito e escóitanme

3.3. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A ensinanza relixiosa na etapa infantil impartirase nun diálogo coas tres áreas de desenvolvemento desta etapa. O neno no ámbito escolar ábrese á súa realidade e ao mundo que o rodea, á súa vez, debe captar a dimensión cristián da súa existencia:

O coñecemento de si mesmo e a autonomía persoal enriquecese co coñecemento de Deus, o seu creador e Pai.

O coñecemento do entorno dende a fe proporciona ao neno unha visión nova da creación e dos seres vivos; e o entorno social preséntaselle na unidade dunha familia: Deus, Pai e os homes irmáns.

O terceiro ámbito de experiencia, a comunicación e representación, adquire un novo valor que ofrece ao neno

unha interpretación dos símbolos relixiosos e un camiño de comunicación con Deus e cos demais, fillos de Deus e irmáns entre sí.

A educación nos valores non se pode enmarcar só na rixidez dun horario. É un proceso persoal profundo que pertence a un orde superior.

Trátase de presentar valores que teñan un común denominador e descartar aqueles antivalores polos que unha liberdade san non pode optar como son a mentira, o egoísmo, a violencia.. É vital poñer en práctica aqueles que, a partir dun fundamento relixioso, poidan asumilos como seus, descubertos no seu interior, como son: a lealdade, a solidariedade, a amizade, o amor...